



RESOLUCION DO CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

De conformidade co indicado no artigo 25.2.L da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, os Concellos teñen como competencia propia a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación del tiempo libre.

Conscientes da importancia do fomento do deporte e hábitos de vida saudable, o Concello de Alfoz, no seu Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Alfoz 2020-2023 recolle a Liña Estratéxica 1: “ Fomento da promoción do deporte, a cultura, a xuventudee o fomento turístico de Alfoz nos seus distintos ámbitos ”, que contemplaba como obxectivo estratéxico, entre outros, achegar o deporte ao maior número posible de indivisuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.

Visto o expediente 497/2023 , tramitado para a aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades deportivas do exercicio 2023 este Concelleiro delegado de deportes , en exercicio das competencias delegadas, éstas foron aprobadas mediante Resolución 838/2023, de 10 de novembro.

Publicado anuncio no BOP oficial da Provincia, durante o prazo de presentación de instancias rexistrouse unha única (2023-E-RE-972), correspondendo co CEIP Castro de Ouro.

Visto o informe emitido pola Técnico de Xestión do Concello de Alfoz en data 26 de decembro de 2023, de conformidade co regulado na base sexta (De conformidade co indicado no artigo 28 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, pola unidade administrativa efectuarase unha preavaliación das solicitudes na que se verificará ó cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de beneficiario, e concluirá cun informe sobre o particular), do que se extrae:

“ A base segunda das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades deportivas do exercicio 2023, refírese as entidades beneficiarias. Para iso coa documentación presentada polos solicitantes e os datos que obran no Concello de Alfoz das inscricións das asociacións no Rexistro de Asociacións, analizamos:

1º. Si os solicitantes están inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Alfoz. O CEIP Castro de Ouro non consta inscrito no Rexistro de Asociacións do Concello de Alfoz.

2º.- Si o obxecto das entidades solicitantes está relacionado co fomento da actividade deportiva como obxectivo principal ou transversal na organización de actividades extraescolares ou deportivas a realizar nas parroquias, e se ten entre outros fins a realización das actividades obxecto da subvención, e en especial, pero de forma non excluínste, os clubs deportivos federados existentes no Concello de Alfoz; informo que: Non hai documentación que acredite os obxectivos principal ou transversal da entidade solicitante, nin se ten entre os seus fins a realización de actividades obxecto da subvención .





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

(..)

Que a única entidade solicitante destas subvencións non cumpre as condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario da subvención para a promoción de actividades deportivas do exercicio 2023, dado que non consta inscrito no Rexistro de Asociacións do Concello de Alfoz “.

Á vista do exposto, este Concelleiro delegado de Educación, Igualdade e Participación (deportes), Decreto de delegación 453/2023, de 29 de xuño, ACORDO:

PRIMEIRO.- Aceptar o informe de preavaliación da Técnico de Xestión de data 26 de decembro de 2023 recaído no expediente 497/2023, de concesión de subvencións en concorrancia competitiva pola realización de actividades deportivas do exercicio 2023.

SEGUNDO.- Declarar deserto o proceso por non terse presentado solicitante que cumpra os requisitos de beneficiario conforme ás bases.

TERCEIRO.- Anúlese a retención de crédito (asiento 2707) e notifíquese a presente ao CEIP, con indicación dos recursos que lle asintan en dereito.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica
O Concelleiro delegado de Educación , Igualdade e Participación (deportes).
Asdo. Eliseo Lorenzo García.

